



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes
Sección de Educación, Cultura e Deportes
Expediente: 2019000003595

RESOLUCIÓN Nº 27037/2019 POLA QUE SE APROBA A CONCESIÓN DEFINITIVA DAS BOLSAS DE INVESTIGACIÓN 2019-ÁREA DE POLÍTICAS CULTURAIAS

Don XOSÉ REGUEIRA VARELA, Presidente en funcións da Deputación Provincial da Coruña

Por resolución da presidencia n.º 24154, do 11 de xullo de 2019, aprobouse a adxudicación provisional das Bolsas de investigación 2019-Área de políticas culturais e concedeuse un prazo de 10 días para comunicar, se for o caso, a desistencia da solicitude, presentar alegacións ou emenda de erros.

Visto que no dito prazo non se presentaron desistencias, alegacións ou emendas.

Vistos os informes dos servizos de Acción Social, Cultural e Deportes e de Fiscalización

RESOLVO:

1.- Conceder definitivamente as bolsas ás seguintes persoas:

Titular da bolsa: OTERO ORDÓÑEZ, ABEL

Expediente: 2019000011560

Título do proxecto obxecto da bolsa: O espazo da lectura. Análise das políticas culturais en relación ao fomento da lectura e dos hábitos lectores na provincia da Coruña (1997-actualidade)

Importe da bolsa: 8.000 €

2.- Dispor o gasto das bolsas concedidas con cargo á aplicación 0612/3262/481, fase A, operación n.º 220190014233, por importe de 8.000 €.

3.- Minorar o dito documento contable A, operación n.º 220190014233 e o seu correspondente RC, operación n.º 220190003971, por importe de 8.000 €, de acordo co establecido na resolución n.º 24154 (expediente: 2019000003595), deixando o crédito en dispoñible na aplicación orzamentaria sinalada.

4.- Publicar a presente resolución definitiva na web da Deputación Provincial da Coruña, co que se entenderá notificada ás persoas interesadas, de acordo co establecido no art.45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderán optar por interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o Presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña, dentro do prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da notificación do presente acordo. No seu caso, poderá interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña, dentro do prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da notificación da presente resolución, e de conformidade co establecido no art. 46.4 da Lei 29/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa. No entanto, se o considera conveniente, pode exercitar calquera outro recurso que estime pertinente.